



ANXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Alcalde e a Comisión de Goberno, en relación coa demanda urxente da separación de pluviais e residuais na Rúa Castelao e Carreiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son xa innumerables as ocasións en que diversas rúas de Aguiño sofren problemas de asolagamentos e cheiros por mor das choivas. Concretamente as rúas do Carreiro e a de Castelao, son unhas das máis prexudicadas.

A veciñanza demandou en numerosas ocasións que se lle dese solución ó problema que xera nesta zona a non separación de pluviais e residuais.

Con pequenas choivas as arquetas dos residuais levántanse, vertendo os fecais por toda a estrada, que en moitos dos casos chegan a colocarse nas portas das casas da veciñanza residuos non desexables que dan orixe a un pestilente cheiro, tendo logo estes veciños/as que proceder á limpeza das rúas.

Coas enchentes de auga circulan estes residuos que como sempre van parar ó receptor universal, ó mar, concretamente, á praia do Rebaló. É moi usual cando se da esta condición, ver unha mancha escura de grandes dimensións, sobre as verdosas augas do Rebaló, isto non é outra cousa que os residuos arrastrados polas enchentes.

Tendo xa constancia este Goberno Municipal dos múltiples atrancos que a non separación de Pluvias-Residuais está a causar no Concello, e concretamente nestas dúas rúas da parroquia de Aguiño, non é de recibo que aínda non se tomaran medidas para dar solución a este problema.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte:

SOLICITUDE

Que por parte do Goberno Municipal se fagan os trámites necesarios e da maneira máis urxente posible, para que se proceda á separación de pluviais e fecais nestas rúas de Aguiño.

Ribeira, 26 de outubro de 2007

Asdo.: Anxeles González Cruxeiras

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA